

Beneficiarios	Contía ano 2008	Contía ano 2009	Contía ano 2010	Contía ano 2011	Contía ano 2012	Contía ano 2013	Total
Palmira Tobío Magdalena	10.000	833					10.833
Juan Torres Marín	10.000	10.000	8.330				28.330
Cesáreo Hermida García	10.000	10.000	10.000	7.497			37.497
María del Carmen García Rodríguez	10.000	10.000	9.163				29.163
Otilia Calviño Rial	10.000	10.000	10.000	10.000	4.165		44.165
María Milagros Mosquera Blanco	10.000	10.000	10.000	10.000	5.831		45.831
Carmen Pereira Fernández	10.000	10.000	2.499				22.499
Victorino Vizcaíno Vázquez	10.000	10.000	10.000	4.165			34.165
María Paz Vázquez Vázquez, cónxuxe colaborador	5.000	5.000	5.000	5.000	5.000	834	25.834
Amelia Rodríguez Sabin	10.000	10.000	10.000	10.000			40.000
Desiderio Ferrín Varela	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	833	50.833
Paz Rodríguez Seguin	10.000	10.000	10.000	10.000	4.998		44.998
Pilar Deza Sabaris	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000		50.000
Elena Solla Ruibal	10.000	10.000	10.000	8.330			38.330
María del Carmen Sayar Romero	10.000	10.000	10.000	10.000	5.831		45.831
Albina Eiris Cabeza	10.000	10.000	9.163				29.163
María Fernández del Río	10.000	10.000	10.000	1.666			31.666
Luis Macia González	10.000	10.000	10.000	10.000			40.000
Antonio Rodríguez Pérez	10.000	10.000	10.000	4.998			34.998
José Ramón Doce Seoane	10.000	10.000	10.000	10.000	7.497		47.497
Manuela Tajés Marcote	10.000	10.000	10.000	10.000	7.497		47.497
Manuel Álvarez Vázquez	10.000	10.000	10.000	2.499			32.499
Áurea Fernández Otero	10.000	10.000	10.000	4.998			34.998
José Eugenio Franco Castro	10.000	10.000	10.000	10.000			40.000
Ramón Canedo Blanco	10.000	10.000	6.664				26.664
María del Carmen Romero Arnejo	10.000	10.000	4.165				24.165
María Carmen Ansele Niebla	10.000	10.000	1.666				21.666
Carmen Touriño Camiña	10.000	10.000	10.000				30.000
Camila Pérez Castiñeiras	10.000	10.000	10.000	10.000	4.998		44.998
María Teresa Díaz Pérez	10.000	10.000	10.000	10.000	1.666		41.666
Josefa Castro Lema	10.000	10.000	4.998				24.998
Mercedes Cambón Collazo	10.000	10.000	8.330				28.330
Sofía Álvarez González	10.000	10.000	10.000	5.831			35.831
José Valladares Carballo	10.000	10.000	10.000	3.332			33.332
Enrique Díaz Gutiérrez	10.000	10.000	10.000	1.666			31.666
María Lourdes Fernández Castro	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	1.666	51.666
Carmen Iglesias Sánchez	10.000	4.165					14.165
María Olga Rama Coto	10.000	10.000	10.000	10.000	8.330		48.330
Olga Rodríguez Lorenzo	10.000	10.000	10.000	7.497			37.497
Victorino Domínguez Pulido	10.000	10.000	7.497				27.497
Antonia Ferrer Fernández	10.000	10.000	833				20.833
María Carmen Rodríguez Martínez	10.000	10.000	9.163				29.163
Sara González Conde	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	833	50.833
Gabriela Suárez Pailos	10.000	10.000	10.000	4.165			34.165
Manuela González Pena	10.000	10.000	10.000	4.998			34.998
María Pilar Vázquez Vázquez	10.000	8.330					18.330
Encarnación Fernández Núñez	10.000	10.000	10.000	10.000	833		40.833
María del Carmen Pedreira Carro	10.000	10.000	2.499				22.499
Teresa Manso Fernández	10.000	10.000	10.000	10.000	8.330		48.330
Concepción Miranda Carnero	10.000	10.000	10.000	10.000	9.163		49.163
María del Carmen Martínez González	10.000	10.000	10.000	833			30.833
María Consuelo Boado Crespo	10.000	10.000	10.000	10.000	3.332		43.332
Francisco Vicente Leis Correa	10.000	10.000	10.000	10.000			40.000
Azucena Rodríguez Tajés	10.000	10.000	10.000	10.000	5.831		45.831
Eliseo Barreiro Vigo	10.000	10.000	10.000	9.163			39.163
Evangelina Chamorro Nogueiras	10.000	10.000	10.000	8.330			38.330
Luz Divina Soneira Pérez	10.000	10.000	10.000	4.998			34.998
Carmen Paz Rey	10.000	10.000	10.000	10.000	8.330		48.330
Manuel Sanjuan Barros	10.000	10.000	10.000	10.000	8.330		48.330
Darfa Sobral López	10.000	10.000	10.000	7.497			37.497
María Elena Rodríguez Eiras	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	1.666	51.666
María Josefa Vidal Pastoriza	10.000	10.000	833				20.833

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Resolución do 5 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, pola que se ditan medidas en materia de movemento pecuario como consecuencia da declaración de zonas restrinxidas de lingua azul na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída no Código zosanitario internacional da Organización Mundial de Sanidade Animal (OIE) e na lista A de enfermidades de declaración obrigatoria da Unión Europea. As medidas concretas de loita contra a enfermidade en España están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul. Por outra banda, as medidas de protección contra a enfermidade a nivel comunitario foron adoptadas mediante o Regulamento (CE) nº 1266/2007, da Comisión, do 26 de outubro de 2007, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2000/75/CE do Consello no relativo ao control, o seguimento, a vixilancia e as restricións ao traslado de determinados animais de especies sensibles á febre catarral ovina.

O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1º b) do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul en territorio peninsular. De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, o Ministerio de Agricultura estableceu medidas específicas de carácter urxente respecto da lingua azul mediante a Orde APA/3411/2004, do 22 de outubro. Estas medidas foron posteriormente modificadas en función da situación epidemiolóxica da enfermidade mediante sucesivas ordes ministeriais, sendo a última a Orde ARM/1200/2008, do 29 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, modificada pola Orde ARM/2309/2008, do 31 de xullo, e a Orde ARM/2510/2008, do 28 de agosto. Mediante esta última modificación, e de acordo coa disseminación do serotipo 1 na cornixa cantábrica e o risco de transmisión do serotipo 8 procedente de Europa, incluíuse a Comunidade Autónoma de Galicia na zona restrinxida S-1-8, para os efectos de poder proceder á vacinación preventiva fronte á enfermidade, establecéndose na disposición transitoria primeira un réxime temporal de movementos aplicable ata o 30 de setembro dentro de España en que os traslados de animais desde o noso territorio non terían que cumprir as condicións en relación coa lingua azul indicadas na Orde ARM/1200/2008.

Porén, de acordo co establecido na Orde ARM/2510/2008, do 28 de agosto, pola que se modifica a Orde ARM/1200/2008, do 29 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, e tendo en conta o establecido no punto 2 da disposición transitoria primeira da dita orde e a detección de circulación do serotipo 1 da lingua azul en Asturias (Grado), o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño comunicou que

deixará de aplicarse a mencionada disposición transitoria nos territorios incluídos dentro do raio de 150 km arredor da zona de circulación viral, entre os que se encontran: na provincia de Lugo, as comarcas veterinarias dos Ancares, A Fonsagrada, Lugo, A Mariña Central, A Mariña Occidental, A Mariña Oriental, Meira, Terra de Lemos-Quiroga, Sarria e A Terra Chá; e na provincia de Ourense, a comarca veterinaria de Valdeorras.

O Decreto 355/1994, do 2 de decembro (DOG nº 240, do 15 de decembro), polo que se regula o traslado de animais e se aproban os modelos oficiais de autorización oficial de traslado, establece, no seu artigo 1, parágrafo 2º, que o gando vacún, ovino e cabrún poderá circular no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia con copia compulsada polos servizos veterinarios oficiais de Sanidade e Produción Animal ou fedatario público, do documento oficial de cualificación sanitaria da explotación denominado Explotación cualificada sanitariamente, en que os animais estean rexistrados, e que acompañará o animal ou animais durante o traslado.

Pola súa banda, o artigo 2 do dito Decreto 355/1994 establece que sempre que as condicións sanitarias o requiran poderá exixirse que o traslado de animais, mesmo dentro do ámbito dunha comarca veterinaria, se ampare obrigatoriamente nunha autorización de traslado.

Como consecuencia das actuais condicións epidemiolóxicas, deben establecerse medidas en relación co movemento pecuario de animais das especies sensibles á lingua azul na Comunidade Autónoma de Galicia, xa que a súa posible propagación supón un grave risco para o gando galego, e pode ter consecuencias negativas nos intercambios comerciais dos animais.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido na normativa mencionada, e en virtude das atribucións que me confire o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria,

#### RESOLVO:

Primeiro.-Todos os movementos de animais das especies sensibles á lingua azul con orixe en explotacións (incluíndo os mercados gandeiros) pertencentes a concellos da zona restrinxida da Comunidade Autónoma de Galicia, e que teñan como destino explotacións (incluíndo os mercados gandeiros), pertencente a calquera concello galego fóra da dita zona, realizaranse logo da obtención da autorización de traslado expedida polos servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural. Para estes efectos considéranse incluídos en zona restrinxida os concellos sinalados no anexo I.

Porén, o gando bovino, ovino e cabrún procedente de explotacións cualificadas sanitariamente poderá circular dentro da propia zona restrinxida galega

indicada, tanto con destino á vida como a sacrificio, así como cara ao sacrificio directo en matadoiros do resto da Comunidade Autónoma, con copia validada por veterinarios expresamente autorizados para o efecto pola consellería competente en materia de sanidade e produción animal, da que conste a súa autenticidade, ou copia cotexada por persoal dos servizos veterinarios oficiais de sanidade e produción animal ou fedatario público, do documento acreditativo da cualificación sanitaria da explotación denominado Explotación cualificada sanitariamente, en que os animais estean rexistrados. Esta mesma documentación será válida para o traslado de animais nados na explotación de procedencia.

Segundo.-O gando bovino, ovino e cabrún procedente de explotacións cualificadas sanitariamente pertencentes a calquera concello galego fóra da zona restrinxida da Comunidade Autónoma de Galicia, poderá circular, tanto dentro da propia zona libre, como cara á dita zona restrinxida, co dito documento acreditativo da cualificación sanitaria da explotación, nas mesmas condicións da validación e animais amparados indicadas no punto anterior.

#### Disposición derradeira

Esta disposición entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2008.

Antonio Santiago Oca Fernández  
Director xeral de Produción, Industrias e Calidade  
Agroalimentaria

#### ANEXO I

Concellos declarados zona restrinxida de lingua azul na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Provincia de Lugo.

Comarca veterinaria dos Ancares:

As Nogais  
Baralla  
Becerreá  
Cervantes  
Navia de Suarna  
Pedrafita do Cebreiro

Comarca veterinaria da Fonsagrada:

A Fonsagrada  
Baleira  
Negueira de Muñiz

Comarca veterinaria de Lugo:

Castroverde  
Friol  
Guntín  
Lugo  
O Corgo  
Outeiro de Rei

Comarca veterinaria da Mariña Central:

Alfoz

Burela  
Foz  
Lourenzá  
Mondoñedo  
O Valadouro

Comarca veterinaria da Mariña Occidental:

Cervo  
O Vicedo  
Ouro  
Viveiro  
Xove

Comarca veterinaria da Mariña Oriental:

Barreiros  
Ribadeo  
Trabada

Comarca veterinaria de Meira:

A Pontenova  
Meira  
Pol  
Ribeira de Piquín  
Riotorto

Comarca veterinaria de Terra de Lemos-Quiroga:

Bóveda  
Folgo do Courel  
Monforte de Lemos  
Pantón  
A Pobra do Brollón  
Quiroga  
Ribas de Sil  
Sober

Comarca veterinaria de Sarria:

Láncara  
O Incio  
O Páramo  
Paradela  
Samos  
Sarria  
Triacastela

Comarca veterinaria da Terra Chá:

A Pastoriza  
Abadín  
Begonte  
Castro de Rei  
Cospeito  
Guitiriz  
Muras  
Rábade  
Vilalba  
Xermade

-Provincia de Ourense.

Comarca veterinaria de Valdeorras:

A Rúa  
Carballeda  
Larouco  
O Barco de Valdeorras  
Petín  
Rubiá  
Vilamartín de Valdeorras

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Resolución do 12 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Recursos Mariños, pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de agosto de 2008, polo que se aproba o Plan Galego de Acuicultura.*

Adoptado o acordo polo Consello da Xunta de Galicia, en sesión do 28 de agosto de 2008, relativo á aprobación do Plan Galego de Acuicultura, resulta necesario darlle publicidade ao mencionado acordo, unha vez cumpridos os requisitos do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

### RESOLVO:

1. Facer público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, adoptado en reunión do 28 de agosto de 2008, que a continuación se transcribe:

a) Aprobar o Plan Galego de Acuicultura promovido pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, como resultado da revisión do Plan sectorial dos parques de tecnoloxía alimentaria, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de xuño de 2005, que queda sen efecto.

b) Levantar a suspensión da tramitación dos seguintes proxectos sectoriais presentados ao abeiro do Plan sectorial dos parques de tecnoloxía alimentaria, acordada polo Consello da Xunta de Galicia do 22 de xuño de 2006, e continuar a súa tramitación ao abeiro do Plan Galego de Acuicultura:

-Ampliación dunha granxa mariña en Bico da Ran-Cambados (Pontevedra) promovida por *Aquacría Arousa, S.L.*

-Ampliación dunha granxa mariña en Cabo Vilán-Camariñas (A Coruña) promovida por *Stolt Sea Farm, S.A.*

-Ampliación dunha granxa mariña e criadeiro en Meirás-Valdoviño (A Coruña) promovida por *Luso Hispana de Acuicultura S.L.*

c) Deixar sen efecto o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado Plan de engorde de peixes planos de Touriñán, Muxía, promovido por *Insuiña, S.L.*, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 28 de xullo de 2005, por incompatibilidade con Plan Galego de Acuicultura.

d) Continuar a revisión do proxecto sectorial (Foxo Longo) aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia, de acordo coas determinacións do Plan Galego de Acuicultura.

2. O Plan Galego de Acuicultura entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Ofi-*